



## QUE É O PROGRAMA DE REFORZO ESCOLAR:

É un recurso educativo de ámbito municipal, cofinanciado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que se enmarca dentro do programa de Educación Familiar coa finalidade de por a disposición das familias os medios e recursos didácticos necesarios para axudar ó alumnado con dificultades de aprendizaxe no seu proceso educativo.

Este programa, non pretende substituír ao centro educativo nin á familia senón que os

complementa e apoia nas súas funcións.

## OBXECTIVOS :

- Axudar á redución do fracaso escolar e o abandono temperán dos estudos.
- Facilita-la nivelación de estudantes con dificultades de aprendizaxe.
- Contribuír á aprendizaxe de técnicas de estudo.
- Consolidar coñecementos a partir da resolución de tarefas.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos orientándolles e dándolles pautas de actuación e estratexias concretas.

## RECURSOS QUE SE OFRECEN:

- Unha coordinadora xeral do programa, a educadora familiar, que establecerá o contacto directo cos orientadores dos centros escolares e coas familias así como a admisión do alumnado en base os informes de necesidade de reforzo académico remitidos polos centros escolares
- Unha técnico de reforzo escolar

## PROGRAMA DE ACTUACIÓN:

- Reunións periódicas cos titores e orientadores de ciclo para avaliar e seguir o proceso de ensino aprendizaxe, e as necesidades individuais de cada alumno.
- Reunión inicial coas familias dos nenos que presentan esta necesidade de apoio e reforzo para darlles a coñecer o programa.
- Asesoría individual sobre o rendemento educativo dos seus fillos e posibilidades de afrontar dificultades.
- A entrada do alumnado no programa de reforzo escolar implica, por parte das familias, a aceptación dun contrato de colaboración entre as partes implicadas.
- En contacto directo cos mestres seguirase o programa educativo dos centros escolares, e as tarefas concretas que deberán realizar estes nenos. A Técnico de Apoio actuará sobre este proceso (cos materiais didácticos de clase) aportando técnicas de estudo (hábitos de estudo, organización, esquemas, lectura comprensiva etc.) e apoiando a resolución dos deberes, de maneira que os alumnos aproveiten esta acción como tempo de estudo.

**ONDE SE DESENVOLVE:**

No Centro Social de Coirós

**HORARIO:**

- Grupo I: de luns a venres de 15:30 h a 17:00 h
- Grupo II: de luns a venres de 17:00 h a 18:30 h

+ Información: **981.796.088**